

PRÁCTICA II: Wikicommons

Obxectivos	Contido
✓ Tomar contacto con Wikicommons ✓ Aprender a buscar imaxes e gardalas no disco ✓ Incluír imaxes na zona de probas da Wikipedia.	1. Buscar imaxes 2. Inserir unha imaxe nun artigo

Enunciado

Wikimedia Commons (tamén chamado Wikicommons ou simplemente Commons) é un proxecto de Wikimedia que almacena ficheiros de imaxes e outros formatos multimedia para o resto dos proxectos da fundación. Todos os ficheiros deben ser liberados baixo licenzas libres (como a GFDL), actualmente ten 5.042.399 ficheiros multimedia libres.

Baséase nun wiki configurado de tal forma que os ficheiros alí contidos están dispoñibles en todos os demais wikis dos proxectos de Wikimedia de forma transparente. Isto permite unha xestión centralizada deste tipo de ficheiros en todas as versións de Wikipedia, Wikilibros, etc.


É posible editar as páxinas de Commons sen rexistro previo, pero é necesario rexistrarse para subir imaxes.

Busca de imaxes

Supón que estás facendo un wiki co teu alumnado sobre as igrexas románicas de Galicia e necesitas fotos (ollo, libres) para incluír nalgúns páxinas web.

Segue os seguintes pasos:

1. Abre o teu navegador e conéctate a <http://commons.wikimedia.org/>
2. Na caixa de busca introduce o termo “iglesia románica galicia”. Aparecen máis de 20 fotos que podemos usar libremente!



3. Escolle unha das imaxes e preme co botón dereito do rato sobre ela. Aparecerá un menú contextual no que verás unha opción para gardar a imaxe (algo similar a **Gardar imaxe como**).
4. Selecciona un cartafol no teu computador para gardar esa imaxe.
5. Para saber que tipo de licenza ten esa imaxe preme sobre ela e verás esa información (neste caso é Creative Commons):

Description	es: Iglesia de San Pedro de Vilanova de Dozón. Iglesia románica edificada en el año 1154. Formó parte de un antiguo monasterio de monjas benedictinas. Es de nave única con planta rectangular y ábside semicircular. (Dozón, Galicia, España). gl: Igrexa de San Pedro de Vilanova de Dozón. Igrexa románica edificada no ano 1154. Formou parte dun antigo mosteiro de monxas benedictinas. É de nave única con planta rectangular e ábsida semicircular. (Dozón, Galicia). pt: Igreja de San Pedro de Vilanova de Dozón. (Dozón, Galicia).
Date	11 May 2008, 19:50:22
Source	originally posted to Flickr as Iglesia de San Pedro de Vilanova de Dozón
Author	José Antonio Gil Martínez
Permission (Reusing this image)	This image, which was originally posted to Flickr, was uploaded to Commons using Flickr upload bot on 07:28, 15 May 2008 (UTC) by Lansbricæ (talk). On that date it was licensed under the license below. This file is licensed under Creative Commons Attribution 2.0 License. العربية Català Česky Dansk Deutsch Ελληνικά English Español Eesti Euskara Suomi Français Galego עברית Hrvatski Italiano 한국어 Lietuvių Македонски Plattdüütsch Nederlands Polski Português Română Русский Українська Tiếng Việt 中文 中文(简体) 中文(繁體) +/-



Suxestión:

Para saber máis sobre os distintos tipos de licenzas Creative Commons busca na Wikipedia ;-)

Inserir unha imaxe

Imos usar a imaxe que gardaches no paso anterior. Segue os seguintes pasos:

1. Entra na Wikipedia co teu nome de usuario e clave, tal e como fixemos na práctica anterior.
2. Unha vez dentro vai á zona de probas da Wikipedia (http://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Zona_de_probas).
3. Preme no separador editar e introduce o texto `[[Image:nome_imaxe.jpg]]`. Isto indícalle ao programa da Wikipedia que queremos inserir unha imaxe que se chama nome_imaxe.jpg
4. Na caixa de edición deberías ter algo similar a:

`[[Image:nome_imaxe.jpg]]`

5. Garda a páxina.
6. Observa como o texto aparece en vermello. Iso quere dicir que aínda non hai unha imaxe vinculada a esa ligazón.
7. Preme sobre ela para cargar unha imaxe. Abrirase un formulario para subir imaxes.
8. Preme no botón navegar para seleccionar a imaxe do teu disco duro.
9. Escolle a licenza da imaxe. Se non indicas a licenza e/ou a orixe do ficheiro, este será borrado, mesmo sen previo aviso:
10. Desmarca a opción **Vixiar este ficheiro**.
11. Por último, preme no botón cargar ficheiro para subir a imaxe

Nome do ficheiro a cargar: Navegar...

Tamaño máximo para o ficheiro: 100 MB

Tipos de ficheiro permitidos: png, gif, jpg, jpeg, xcf, pdf, mid, ogg, ogv, svg, djvu, oga.

Nome do ficheiro de destino:

Descrición:

Licenza: CC compartir igual, requírese atribución de autoría v.2.1



Este ficheiro está baixo a licenza de Creative Commons

«Recoñecemento-CompartirIgual 2.1 España»

This file is licensed under the Creative Commons

"Attribution-ShareAlike 2.1 Spain" Licence

☐ Vixiar este ficheiro ☐ Ignorar os avisos

Cargar o ficheiro

Se volvemos á zona de probas veremos a imaxe que acabamos de subir.



Nota:

Pode ser que non te deixen subir imaxes (ou calquera outro tipo de ficheiros) mentres non sexas un usuario confirmado, é dicir, un usuario con certo número de edicións ou antigüidade.